



## A TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

### ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR

De conformidade co establecido na Resolución conxunta do 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Ordenación de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, realizarase proximamente neste Centro a renovación parcial do CONSELLO ESCOLAR que é o instrumento de participación na vida escolar de tódolos sectores educativos do Colexio.

Segundo o Artigo 2º da citada Resolución a elección dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no Consello Escolar celebrarase entre os días 23 e 29 de novembro de 2022, ambos os dous incluídos.

Nas eleccións deste ano renóvanse 2 representantes, acordándose dende a Xunta Electoral que **o prazo de presentación de candidaturas sexa do 11 ao 18 novembro.**

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán solicitar un impreso no centro. Igualmente, tamén está exposto na entrada do centro o censo electoral co fin de que poidan comprobar se os datos están completos (DNI).

Animámoslos a que presenten as súas candidaturas para poder participar así na xestión do centro e contribuír a un mellor funcionamento do mesmo.

Pontevedra, 11 de novembro de 2021.

O director

Pedro M. Mariño Rivadulla